


Universidade de Vigo

A continuación infórmase dos acordos da reunión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 10 de outubro de 2016 na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xullo de 2016.
- * Aprobación da oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2016.
- * Aprobación do “Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación”.
- * Estimación parcial do recurso de reposición interposto polo presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra da Universidade de Vigo contra o acordo do Consello de Goberno do día 22 de xullo de 2016, no sentido de anular o acordo polo que se aprobaba a relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, acordando a retroacción do procedemento ao momento da convocatoria do Consello de Goberno.
- * Aprobación da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos.
- * Aprobación da revogación da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
- * Aprobación da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
- * Aplicación ao seu persoal, tanto PAS como PDI, independentemente do seu vínculo, das melloras que, no referente a políticas de igualdade, teñan a súa orixe na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, tanto as actuais como as que no futuro se poidan incorporar.
- * Aprobación da modificación da “Normativa reguladora do procedemento para a tramitación e aprobación de convenios da Universidade de Vigo”.
- * Aprobación, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *UNIFACS, Universidade Salvador* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *UNIFACS, Universidade Salvador* para o intercambio de estudiantes – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo e Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Santa Catarina* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Santa Catarina* para o intercambio de estudiantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Valle de Atemajac*, UNIVA (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Valle de Atemajac*, UNIVA, para o intercambio de estudiantes – Acuerdo de co-tutela de una tesis doctoral entre la Universidade de Vigo i a *Vrije Universiteit Brussel* (Bélgica) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Liberdade* (México) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Aguascalientes* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Aguascalientes* para o intercambio de estudiantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional José María Arguedas – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas S.A.C.* para a mobilidade de estudiantes e docentes estrangeiros de intercambio.
- * Foi elixida representante de estudiantes na CEUNE Paula Rivera González.
- * Foi elixido representante no Consello Social, polo Sector Estudiantes, Ernesto Vázquez-Rey Farto.
- * Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado:
 - Sector PDI: M^a Beatriz Iglesias Antelo
 - Sector Estudiantes: Beatriz López Puga

Vigo, 11 de outubro de 2016
A secretaría xeral

Gloria M. Pena Uris

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Saída N.º: 201600016830 11/10/16 12:24:58